

OS COTOS

SETEMBRO
2023



OS COTOS NO COMPARTIR: en comunidade vaise facendo

O pasado día 15 de agosto tivemos de novo a oportunidade de compartir unha xornada especial:

XIII FESTA DE OS COTOS

Desta volta foi outra vez no merendeiro de San Antonio de Verducido compartindo as dez parroquias misa e mesa, nun recordo moi especial ao noso benquerido párroco Andrés.

Así imos facéndonos cribles no compartir o pouco e o moito que cada quen ten. Así dá gusto porque hoxe por hoxe non é un camiño fácil neste mundo no que se foi impondo o de "cada un para si", o de "iso non é problema meu", o de que "cada un se preocupe do seu".

Nesa carballeira de San Antonio demostrouse un ano máis que COMPARTIR ENCHE A VIDA". Dende esta páxina agradecemos aos veciños e veciñas de Verducido a oportunidade que nos brindan de usar ese espazo tan axeitado. GRAZAS.

NO CAMIÑO DOS DEREITOS E DAS OBRIGAS

Dende esta folla parroquial queremos facer mención aos dereitos e as obrigas, pois non podemos, sen elo, construír unha vida mellor.

É ben certo que todos temos moitos dereitos, e é necesario que loitemos por eles, pero isto non pode levarnos a esquecer que todos temos obrigas e responsabilidades. Non nos fagamos cómplices desta sociedade na que parece que cada quen pode dicir e facer o que queira porque ten dereito a facelo. Tan importante é este dereito como a obriga de ser respectuosos. Os dereitos, sen os deberes, quedan mermados.



211 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

"Un contiño para vivir"**"Harmonía na natureza"**

Cando cheguei á igrexa, deime conta de que, aos pés do altar, había unhas flores. Chamoume a atención, preguntei e dixéronme que eran dunha voda celebrada onte.

Pasei un bo intre admirándoos, a súa beleza atraíame. Preguntábame a variedade de flores que tiña o ramo; algunhas repetíanse, pero eran diferentes en tamaño e na forma en que estaban abertas. As súas cores eran totalmente distintas, unha variedade que, á súa vez, creaban unha harmonía dentro de cada flor. Ao observalo con atención, experimentaba unha sensación de asombro e comprendía que só unha man chea de amor podería crear esas flores. Nesa beleza, podía ver a man de Deus. Cantas veces na natureza descubrimos a Deus, vémolos, dámoslle grazas por todo o que nos regalou.

Xesús prestaba moita atención á natureza; nos evanxeos reflíctese como falaba dos lirios do campo, as espigas, as montañas e os paxaros. Sentaba no monte para falar cos seus discípulos e a xente. Sentía que a natureza era súa, que o seu Pai creáaa por El e para El. E El vivíaa desde ese punto de vista. Cando se retiraba a orar, os evanxeos mencionan que ía ao monte moitas veces. A natureza forma parte de nós, é do que estamos creados, e por iso sentímonos en comunión co noso Creador ao estar nela. A natureza é a man aberta que o Señor nos agasalla para que nos atopemos con El.

Canto doe vela contaminada, canto doen os lumes mal intencionados?.



Busca e atopa:



**SANTO PARA O MES,
en setembro, o día 14:
CRUZ**

CONSELLO



O lazo mais forte de simpatía humana
debería ser unir as persoas
de todas as nacións e todas as linguas"
Abraham Lincoln

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



LIBRES DE ELIXIR: MIGRAR OU QUEDARSE



(24 de setembro) Xornada Mundial do Migrante e Refuxiado. Menxase Papa Francisco



É un esforzo conxunto de cada un dos países e da comunidade internacional para asegurarse a todos o dereito a non ter que emigrar, é dicir, a posibilidade de vivir en paz e con dignidade na propia terra. Trátase dun dereito aínda non codificado, pero de fundamental importancia, na que a garantía se comprende como corresponsabilidade de todos os estados respecto a un ben común que vai máis alá dos

límites nacionais. O desenrolo dos países economicamente máis pobres dependen da capacidade de compartir entre todas as nacións. Ata que este dereito non estea asegurado serán moitos os que deberán partir para atopar unha vida mellor.

Por iso, estamos chamados a ter o máximo respecto pola dignidade de cada migrante. Isto significa acompañar e gobernar os fluxos do mellor modo posible, construíndo pontes e non muros ampliando os canais para unha migración segura e regular.

Onde queira que decidamos construír noso futuro, no país onde nacemos ou noutro lugar, o importante é que haxa sempre alí unha comunidade disposta a acoller, protexer, promover e integrar a todos, sen distinción e sen deixar a ninguén fora.



Isto, como Igrexa, lévanos a ver aos refuxiados como uns compañeiros de viaxe especiais, que debemos amar e coidar como irmáns e irmás.



Acaso Xesús, con María e Xosé, non foi un refuxiado máis?

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE SETEMBRO

DÍA 3	LECTURA	Xer 20, 7-9	Señor, escollíchesme para ser a túa Palabra
	EVANXEO	Mt 16, 21-27	Quen queira vir comigo: loite polos seus dereitos e asuma tamén as obrigas e os deberes (a cruz)
DÍA 10	LECTURA	Rm 13, 8-10	Non lle fagas mal ao teu próximo, respéctao
	EVANXEO	Mt 18, 15-20	Non xulgues nin condenes sen saber
DÍA 17	LECTURA	Eclo 27,33-28, 9	Persoa ruín é a que acizaña liortas e disputas
	EVANXEO	Mt 18, 21-35	Trata aos demais co respecto que queres para ti
DÍA 24	LECTURA	Is 55, 6-9	Que o malvado deixe o seu camiño
	EVANXEO	Mt 20, 1-16	Non vexas con malos ollos a bondade